



A andaina sitúase na Ribeira Sacra Ourensá, Concello de Nogueira de Ramuín, cun importante patrimonio etnográfico, histórico e paisaxístico. Lugares con espectaculares formacións de rochas graníticas, magníficas panorámicas sobre o Canón do Sil, bosques centenarios de carballos e castiñeiros e unha flora exuberante.

PRESENTACION

O roteiro que percorreremos hoxe forma parte do PRG 253 e ubícase no Concello de Nogueira de Ramuín na Ribeira Sacra. Un pequeno tramo do roteiro formou parte da Ruta da Amargura pero según a época na que vaias vese de xeito diferente.

PERCORRIDO

A nosa andaina comeza en Luintra e por un sendeiro de gran beleza encamiñámonos cara a aldea de Baldomar e alí tomaremos café no Recuncho do mesmo nome, de dúas compañeiras de "Móvete por Nogueira".

Por un fermoso bosque, entre grandes penedos, algún deles en perfecto equilibrio, formando fermosas figuras, acadamos o Miradoiro de Campaza e dos Campaciños.

Cruzamos a necrópolis das Cabanas, formada por sete mámoas datadas entre 3500 e 2000 a.e. e axiña comezamos a Ruta Granítica de Moura, na que veremos o Penedo Furado e a Pedra Longa, cunhas vistas abraiante. A Pedra Longa é un monolito capricho da xeoloxía que mide entre 8 e 11 metros e está catalogado coma un dos mais altos de Galicia.

Adentrarémonos por un estreito camiño que nos levará ata o Miradoiro da Lampa, tamén chamado de San Xoan de Moura, contemplando fermosas vistas do Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil e na ladeira de Lugo poderemos ver o Pobo de Pombeiro co seu Mosteiro e tamén a aldea de San Cosmede, anclada enriba da Vía Férrea que se dirixe á Estación de Santo Estevo. Por unha lixeira subida entre fermosas formacións graníticas coma a do Trigo, o Penedo de Rufino, onde se agochou un fuxido da represión franquista, voltamos á Necrópolis das Cabanas. Pasamos polo Bambán de Solpor dende onde se aprecia unha das postas de sol mais bonitas da Ribeira Sacra. Continuamos entre bosques autóctonos e por unha fermosa senda acadamos Baldomar. Alí poderemos tomar unha cervexa e se imos ben de tempo iremos a un lugar máxico de gran beleza onde veremos muiños entre regatos e unha vexetación exuberante.



